



Concello de Cangas

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 24 DE OUTUBRO DE 2016

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 24 de outubro de 2016

HORA DE COMEZO: 19:11 h.

HORA DE REMATE: 19:45 h.

ASISTENTES: D^a Mercedes Giráldez Santos (alcaldesa accidental), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D^a Ánxela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela, D. Heitor Mera Herbello.

SUPLENTE: D^a Tania Castro Paredes e D^a Lourdes Rial Pardo.

Baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa accidental, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 3 DE OUTUBRO DE 2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 3 de outubro de 2016.

OBRAS E SERVIZOS

2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN

2.A.1) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DESAPARICIÓN RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal



Concello de Cangas

de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
M.R.D. (administrador da CC PP Plaza de Andalucía 3"	Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 934, concedido en X.G.L. do día 30.11.2016 ao interesado. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

2.B) SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN DE SENTIDO ÚNICO EN SEIXO-DARBO

Dáse conta de solicitude presentada o día 14.06.2016 por A.F.F., na que reclama sinalización de sentido único no tramo da intersección da rúa San Antonio e a entrada do Camiño do Piñeiro en Darbo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015 e de conformidade co informe favorable emitido o día 24.10.2016 pola Policía Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Acceder ao solicitado polo Sr. F.F. para sinalización de sentido único no tramo da intersección da rúa San Antonio e a entrada do Camiño do Piñeiro en Darbo.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao interesado, Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

2.C) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN DE ZONA DE ESTACIONAMENTO LIMITADO EN RÚA ARRECIFE

Visto o informe emitido o día 20.06.2016 pola Policía Local, no que se indica o seguinte:

"Que en rúa Arrecife se proceda a sinalizar un tramo de estacionamento limitado a 20 minutos para servizos (turismos e furgóns) en días laborais de 8,00 a 14,30 horas e de 16,00 a 22,00 horas, e outro para carga e descarga, tendo en conta a actividade comercial na zona.

** Que se proceda a sinalizar horizontal e verticalmente o tramo peonil que se está a executar pola brigada de obras nesa zona para comunicar o casco urbano co paseo de Salgueirón".*



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local transcrito anteriormente.

2.D) SOLICITUDE DE APARCAMENTO DE MINUSVÁLIDOS EN RÚA REDONDELA

Examinada a solicitude presentada o día 13.10.2016 por A.C.M., na que demanda aparcamento para persoas discapacitadas na Rúa Redondela-Cangas.

Dáse conta de informe emitido o día 17.10.2016 pola Policía Local, que indica o seguinte:

"A Policía Local de Cangas con relación á solicitude de A. C. M, onde solicita un aparcamento para persoas discapacitadas en rúa Redondela, infórmase de que o aparcamento máis próximo se atopa no centro de saúde e na rúa Gondomar, polo que procede un reservado na citada rúa Redondela".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao interesado, Policía Local e a Oficina Técnica Municipal.

URBANISMO E PATRIMONIO

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 20 DE OUTUBRO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licencias urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licencias que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).



Concello de Cangas

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.



Concello de Cangas

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 26.111.- A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, con enderezo a efectos de notificacións en Edificio Administrativo San Caetano, s/n-15.781-Santiago de Compostela, parano lugar de Montecarrasco, nº 3, IES María Soliño, en solo rústico, equipamento educativo, realizar o acondicionamento de pista deportiva, de conformidade co proxecto básico e de execución elaborado pola arquitecta R.D.R. de data outubro de 2 015, condicionado a que antes do comezo das obras presente oficios de dirección e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

EXPEDIENTE Nº 18.786.- LICENZA MUNICIPAL Nº 18.583.- A J.M.S.C., con domicilio en Concepción Arenal, nº 175-1º C-36900-Marín, actualízase a licenza da vivenda unifamiliar, sita en Estrada de Bueu, nº 152-Gandón-Aldán, de conformidade coa memoria de estado definitiva visada polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 3 de marzo de 2016.

3.A.2) LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS

EXPEDIENTE Nº 18.786.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR J. M.L S. C.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo arquitecto municipal, con data 28 de setembro de 2016, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a J.M.S.C, con enderezo en rúa Concepción Arenal, nº 175-1º C-Marín, para construción de vivenda unifamiliar, sita en Estrada de Bueu, nº 152-Gandón-Aldán, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 18.583.

b) Así mesmo se aproba a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.



Concello de Cangas

3.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou, outorgar as seguintes licencias de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licencias que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 145.1 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características construtivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 26.172.- A GAS GALICIA SDG SA, para en rúa Campo de Fútbol, s/n-Romarigo, executar unha acometida de 1,20 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.



Concello de Cangas

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 26.179.- A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, con domicilio en Travesía de Vigo, nº 204-36207-Vigo e no seu nome e representación, F.V. L., autorízase a ocupación do subsolo público segundo a solicitude e documentación presentada o día 3 de agosto de 2015, instando a ocupación de dominio público de 1.105,00 metros, no lugar de Liméns-Praia de Nerga-O Hío, en relación á obra LMTS RBTS A NOVO CT PRAIA NERGA (Nº SDG. 248315020222) nas seguintes condicións:

Antes da apertura das gabias deberá solicitarse información dos servizos técnicos municipais e empresas concesionarias dos servizos de auga e rede de sumidoiros, sobre a situación das redes de canalizacións existentes.

Igualmente requirirase destes a inspección municipal antes do tapado das gabias.

Esta autorización outórgase en precario e será revogada cando existan razóns de interese xeral que así o aconsellen e sempre que se incumpra o establecido



Concello de Cangas

na lexislación vixente de aplicación, sen dar dereito ningún a indemnización nin a compensación de ningún tipo.

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de setenta e dous mil oitocentos dous euros con corenta e seis céntimos (72.802,46 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:



Concello de Cangas

OBRAS

EXPEDIENTE Nº 26.086.- A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DOCÍO 93, para obras de limpeza e pintado de fachada de edificio existente sito na Avda. de Vigo, nº 93- Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.093.- A A.B.R., para apertura de ocos cegados con ladrillo: dúas fiestras e una porta en rúa Cima de Vila, 28, nº 28-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 26.145.- A GAS GALICIA, SDG, SA, para acometida de gas natural na rúa Antonio Garelly, nº 21-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.157.- A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDELMIRO BARREIRO, para obras de limpeza e pintado de edificio existente sito na rúa Real, nº 39-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.883.- APERTURA Nº 1961/16.- A TREDESGUEL, SL, para obras de acondicionamento de local para perruquería masculina sito na Avda. Méndez Núñez, nº 6-baixo-Cangas.

FACENDA

5º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

5.A) DACIÓN DE CONTA DO DECRETO Nº 150/2016 DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA S/PSE Nº 349/2008

Dáse conta de Decreto nº 150/2016 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, recaída na Peza Separada de Execución nº 349/2008, procedemento ordinario nº 349/2008, promovido por "OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do Decreto nº 150/2016 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, recaída na Peza Separada de Execución nº 349/2008, procedemento ordinario nº 349/2008, promovido por "OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS".

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Apoio Xurídico.



Concello de Cangas

CONTRATACIÓN

6º.- PROPOSTA S/PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA ASINADO COA EMPRESA "AURA ENERGÍA, SL"

Examinada a proposta da Alcaldía do día 20.10.2016 referente a prórroga do contrato de subministración de enerxía eléctrica para o Concello de Cangas, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA PARA O CONCELLO DE CANGAS

Visto o contrato administrativo de subministración de enerxía eléctrica para o Concello de Cangas asinado coa empresa adxudicataria 'AURA ENERGÍA SL' (NIF nº B65552432) o día 28.10.2015.

Visto o escrito presentado por don J.S.V. en nome e representación da citada empresa, no que declara 'comprometerse a manter os mesmos prezos aos existentes xa adxudicados'.

Visto que o prego de cláusulas administrativas particulares que rexen este contrato establece na súa cláusula 4ª a posibilidade de prorrogalo por un ano.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Prorrogar por un ano (ata o 27.10.2017) o contrato de subministración de enerxía eléctrica (Lote nº 2) adxudicado á empresa 'AURA ENERGÍA SL', con CIF nº B65552432 en data 19.10.2015 e cuxo documento formalizador foi asinado polas partes o día 28.10.2015.

Segundo.- Notificar a 'AURA ENERGÍA SL', este acordo e citar ao seu representante para a formalización da prórroga.

Terceiro.- Comunicar os datos desta prórroga ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do TRLCSP.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico, así como ao responsable do contrato A.S.M."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar



Concello de Cangas

integramente a proposta transcrita da Alcaldía, referente a prórroga do contrato de subministración de enerxía eléctrica para o Concello de Cangas.

7º.- PROPOSTA S/SUSPENSIÓN TEMPORAL DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PXOM

Dáse conta de proposta do día 20.10.2016 do concelleiro de Facenda, Urbanismo e Patrimonio, referente á suspensión do procedemento de licitación do contrato de servizo de redacción do PXOM, que é como segue:

"PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE FACENDA, URBANISMO E PATRIMONIO RELATIVA Á SUSPENSIÓN DO PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE REDACCIÓN DO PXOM

Visto o expediente de contratación do servizo de redacción do PXOM do Concello de Cangas aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria realizada o día 01.08.2016 e cuxo anuncio de licitación foi publicado no DOUE o día 06.08.2016 (ref.: 2016/S 151-274507), no BOE nº 211 do 01.09.2016 e no BOPPO nº 169 o día 05.09.2016.

Iniciado o prazo de presentación de ofertas cuestionouse a viabilidade de execución do contrato segundo as fases establecidas nos pregos, polo que se solicitou informe á Xunta consultiva de contratación administrativa da Xunta de Galicia (registro saída nº 2812 do día 07.10.2016) co fin de que se pronunciara sobre 'se as cuestións presentadas teñen fundamento legal ou técnico que faga inviable a tramitación do expediente de contratación do PXOM'.

Tendo en conta que o artigo 160.1 do TRLCSP dispón que a apertura de proposicións deberá efectuarse no prazo máximo de un mes contado desde a data de finalización para presentar ofertas e que este prezo rematou o día 24.09.2016, tendo recibido ofertas de 4 licitadores, cómpre suspender a tramitación deste procedemento ata que a xunta consultiva de contratación administrativa emita informe sobre os pregos que rexen esta contratación.

Por todo o que antecede propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Suspender temporalmente a tramitación do expediente de contratación do servizo de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cangas.

Segundo.- Publicar este acordo no perfil de contratante e notificalo aos licitadores que presentaron oferta.



Concello de Cangas

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Facenda, Urbanismo e Patrimonio, referente á suspensión do procedemento de licitación do contrato de servizo de redacción do PXOM de Cangas.

8º.- RENUNCIA Á SUBVENCIÓN RECIBIDA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DE VIAL DE ACCESO A EXPLOTACIÓN AGRARIAS EN ERBELLO” E ANULACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN INICIADO PARA A ADXUDACIÓN DA OBRA

Dáse conta de proposta de data 20.10.2016 da concelleira de Obras e Servizos, referente á licitación da obra “PAVIMENTACIÓN VIAL ACCESO A EXPLOTACIÓN AGRARIAS EN ERBELLO”, que é como segue:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE OBRAS E SERVIZOS RELATIVA Á LICITACIÓN DA OBRA ‘PAVIMENTACIÓN VIAL ACCESO A EXPLOTACIÓN AGRARIAS EN HERBELLO’

Visto o expediente de contratación da obra ‘Pavimentación vial acceso a explotación agrarias en Erbello’ para cuxa execución este concello recibiu unha subvención por importe de sesenta e cinco mil setecentos catro euros con noventa e oito céntimos (65.704,98 €) concedida en data 12.05.2016 mediante Resolución do director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).

Para a execución da citada obra o Concello considerou imprescindible que previamente se executase o proxecto ‘Actuacións de urxencia para a mellora e ampliación das redes de abastecemento e saneamento’, o cal resultou imposible por causas imprevistas e sobrevindas.

Tendo en conta o prazo de xustificación da citada subvención, resulta imposible a execución da obra nas condicións esixidas polo que resulta de aplicación o disposto no artigo 155 do TRLCSP relativo á renuncia á realización do contrato por parte da Administración.

Por todo o que antecede proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, ACORDO:



Concello de Cangas

Primeiro.- Renunciar á subvención concedida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural por importe de sesenta e cinco mil setecentos catro euros con noventa e oito céntimos (65.704,98 €) (Expte.:PM16-0304302A-0169).

Segundo.- Renunciar á realización do contrato de obra 'Pavimentación vial acceso a explotacións agrarias en Erbello', dando por finalizada a tramitación do procedemento de licitación.

Terceiro.- Publicar este acordo no perfil de contratante e notificalo a todos os licitadores que presentaron oferta.

Cuarto.- Comunicar á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a renuncia á subvención concedida.

Quinto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Subvencións, Intervención e Tesourería".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Obras e Servizos, referente á licitación da obra "PAVIMENTACIÓN VIAL ACCESO A EXPLOTACIÓNS AGRARIAS EN ERBELLO".

DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

9º.- PROPOSTA DA CONCELEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/LICITACIÓN DO POSTO C-22 DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL POLA QUE SE QUEDA DESERTA A ADXUDICACIÓN DO POSTO

Dase conta de proposta do día 20.10.2016 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a licitación da concesión demanial de uso privativo do posto C-22 do Mercado de Abastos, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA Á LICITACIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL DE USO PRIVATIVO DO POSTO C-22 DO MERCADO DE ABASTOS

Visto o expediente tramitado para a adxudicación do posto vacante C-22 do Mercado de Abastos Municipal que foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria realizada o día 22.08.2016.



Concello de Cangas

Visto que o anuncio de licitación foi publicado no BOPPO nº 180 do día 20.09.2016 e que durante o prazo de 15 días hábiles non se recibiu ningunha oferta, polo que se ampliou o prazo durante 6 días adicionais.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar deserto o procedemento de licitación tramitado para a adxudicación da concesión demanial de uso privativo do posto C-22 do Mercado de Abastos.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención e publicar o resultado do procedemento no perfil de contratante”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a licitación da concesión demanial de uso privativo do posto C-22 do Mercado de Abastos.

10º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/AUTORIZACIÓN DE PARALIZACIÓN DE ACTIVIDADE DO POSTO Nº 51 DE VENDA DE PEIXE NA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL

Vista a proposta do día 21.10.2016 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a autorización de paralización de actividade do posto nº 51 de venda de peixe na Praza de Abastos Municipal, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

ANTECEDENTES:

1.- I.L.C., concesionaria do posto de peixe nº 51 da Praza de Abastos por escrito de rexistro de entrada nº 2682 do 05.03.2015 comunicaba que o posto ía permanecer sen actividade por enfermidade achegando como xustificante acreditativo do anterior copia de parte médico de data 01.03.2015.

2.- I.L.C., por escrito de rexistro de entrada nº 14265 do 18.10.2016 comunica que o proceso do que dera conta e que motivaría a inactividade no posto continua, se ben en agosto de 2016 o INSS instara a súa alta o que foi



Concello de Cangas

recorrido pola interesada, sendo admitida a súa demanda polo Xulgado do Social nº 1 de Vigo que sinalou vista para o vindeiro 18.11.2016. Malia o anterior a interesada salienta que ten varias revisións médicas previstas para o vindeiro ano 2017 e que estas circunstancias lle impiden desenvolver a súa actividade como pescantina no posto, motivo polo que solicita autorización para o peche temporal do posto por un prazo de seis meses tendo en conta as alegacións efectuadas e as probas que achega para amosar a imposibilidade de seguir coa explotación daquel.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

I.- O artigo 36.24 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas (BOP nº 156 do 16.08.2005) establece como obriga dos concesionarios dos postos na Praza de Abastos Municipal a de 'comunicar mediante escrito dirixido ao Sr. alcalde a situación de baixa laboral para os efectos de xustificar a ausencia no posto'. O que fai a interesada cos seus escritos.

II.- En canto a solicitude de paralización temporal da venda o artigo 46 do citado regulamento dispón que:

'Para os casos de imposibilidade transitoria de exercicio da actividade, principalmente por causa de enfermidade ou similares debidamente xustificativas e acreditadas, o concello, a solicitude do titular e sempre que non exista persoa dependente deste que poida facerse cargo da explotación do posto, poderá permitir o peche deste.

Cando tal peche exceda de 30 días, poderá procederse á adxudicación, a través da oportuna licitación da licenza para a súa ocupación temporal por persoa que reúna as condicións necesarias para iso.

En todo caso, o non exercicio polo titular polo prazo de máis de 6 meses producirá a extinción da concesión, sempre que non exista xusta causa.

Extinguida a concesión orixinaria, extinguirase calquera licenza de ocupación temporal outorgada sobre o posto, procedendo á tramitación de novo procedemento destinado á adxudicación de nova concesión'.

No presente caso a interesada acredita a circunstancia que motiva o cese temporal que solicita.

Visto o que antecede, á Xunta de Goberno Local en aplicación das facultades que me outorga a lexislación vixente elevo a seguinte proposta de ACORDO:



Concello de Cangas

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de paralización temporal da venda no posto da praza de abastos do que é titular I.L.C. advertíndolle:

- Que se o peche excede de 30 días o Concello poderá proceder a adxudicación do posto con carácter temporal.*
- Que transcorridos 6 meses contados do mesmo xeito producirase a extinción da concesión do posto sempre que non exista xusta causa (para tal efecto de acordo co seu escrito a interesada terá que dar conta á concellería do resultado do proceso tan pronto como teña coñecemento deste).*
- Que deberá seguir a cumprir as obrigas tributarias derivadas da concesión do posto en tanto non se ocupe o posto temporalmente con carácter efectivo ou se extinga definitivamente a concesión.*

SEGUNDO.- Déase traslado da presente resolución xunto cos recursos procedentes á interesada deixando constancia no expediente desta”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a autorización de paralización de actividade do posto nº 51 de venda de peixe na Praza de Abastos Municipal.

ENSINO E DEPORTE

11º.- DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA S/ADXUDICACIÓN DE VIVENDA NO CEIP DE ESPIÑEIRA-ALDÁN

Visto o escrito do día 06.10.2016 da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, referente a adxudicación de vivenda no CEIP de Espiñeira-Aldán, que di o seguinte:

*"Examinado o expediente instruído nesta Xefatura Territorial para a adxudicación de vivendas escolares vacantes, a nº 8-1 no **CEIP Espiñeira-Aldán** de Cangas, con destino a mestres, presentou solicitude a profesora, Dña M.S.A., DNI nº 36.078.752-D, con destino definitivo no CEIP do Hío desde o 01.09.2016.*

Vistos: o Estatuto do Maxisterio aprobado polo Decreto 17/1947, do 24 de outubro (BOE do 17 de xaneiro de 1948); Decreto 250/1988, do 21 de xullo



Concello de Cangas

(DOG do 2 de setembro), polo que se regula o dereito a casa-habitación dos profesores/profesoras de EXB no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia; Lei 30/1992 de Réxime xurídico da administración pública e do Procedemento administrativo común; e demais disposicións de aplicación.

Esta Xefatura Territorial en uso das atribucións conferidas, RESOLVE:

** **Adxudicar** a vivenda vacante nº 8-1 das correspondentes ao CEIP Espiñeira-Aldán a **Dna. M.S.A.**, DNI nº 36.078.752-D.*

*A presente adxudicación implica a obrigatoriedade da **ocupación efectiva** da vivenda, pois en caso contrario, de conformidade coas reiteradas sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (nº 215/93, do 15 de marzo, entre outras), poderá ser deixada sen efecto por interromperse o dereito a casa-habitación. Para estes efectos, esta Xefatura Territorial poderá verificar en calquera momento se o adxudicatario reside ou on na casa escola adxudicada, ben a través da Inspección Educativa, ou ben solicitando a actuación da Policía Local. A comprobación de que a vivenda non está sendo ocupada polo adxudicatario dará lugar a que se esixa con carácter inmediato a entrega das chaves e ao mesmo tempo facultará a este xefe territorial para a iniciación de actuacións para o logro do efectivo desaloxo a vivenda. Por outra parte, esta adxudicación terá carácter temporal, polo que se manterá mentres non varíe a situación que fixo posible esta.*

Antes de ocupar a vivenda, deberá levantarse acta, con asistencia dun representante do concello, na que se reflicte o estado de conservación desta.

Contra a presente resolución pódese interpoñer recurso de alzada perante o Sr. conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo de un mes, a partir da notificación desta, de conformidade co que dispón o artigo 114 e 115 da Lei 30/92 de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda presentar recurso de alzada contra a citada resolución por entender que esta non se axusta a dereito, provocando indefensión, con base aos seguintes:

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

FEITOS:



Concello de Cangas

PRIMEIRO.- O pleno municipal, na súa sesión ordinaria de data 2 de outubro de 2015 acordou, por maioría absoluta de votos a favor, solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a desafectación daquelas vivendas dos CEIP de Cangas e CEIP de Espiñeira-Aldán, valeiras ou ocupadas de xeito irregular para uso prioritario de emerxencia social (xúntase certificado do sinalado acordo), acordo que foi notificado o 30 de outubro de 2015 (Rex. de saída nº 2035) e recibido na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o 9 de novembro de 2015.

SEGUNDO.- O pleno municipal, na súa sesión ordinaria de 5 de novembro de 2015 acordou, por unanimidade de votos a favor, interpor recurso de alzada contra a resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se adxudica a J.M.R. a vivenda vacante nº 8-8 do CEIP de Espiñeira-Aldán (xúntase copia do certificado do sinalado acordo e da remisión deste), resolución formulada nos mesmos termos da que agora é obxecto de recurso.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- A resolución que se impugna é susceptible do recurso de alzada ao non pór fin á vía administrativa, tal e como se establece no art.107.1 e 114 da lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

SEGUNDO.- O órgano competente para coñecer e resolver é o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como órgano superior xerárquico daquel que ditou a resolución.

TERCEIRO.- O Concello de Cangas e, no seu nome e representación, o Alcalde, goza de lexitimación para a interposición do recurso ao ter a condición de interesado.

CUARTO.- A resolución do 5 de xaneiro de 2016, obxecto do presente recurso, considérase contraria ao acordo plenario do 2 de outubro de 2015, polo que se solicita á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a desafectación daquelas vivendas dos CEIP de Cangas e CEIP de Espiñeira-Aldán, valeiras ou ocupadas de xeito irregular, para uso prioritario de emerxencia social, considerando que, desde a Consellería, debe priorizarse o uso destas vivendas para fins de carácter social, especialmente cando se trata de situacións de emerxencia, fronte á posibilidade de adxudicar estas a mestres/mestras.

Polo exposto acórdase, SOLICITAR:



Concello de Cangas

* Que se teña por presentado este escrito, sírvase admitilo e téñase por interposto en tempo e forma RECURSO DE ALZADA contra a resolución do 5 de xaneiro de 2016 da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se adxudica a **Dna. M.S.A. a vivenda vacante nº 8-1 das correspondentes ao CEIP Espiñeira-Aldán.**

SOLICITO: que conforme ao art. 111 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se declare a SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DA RESOLUCIÓN IMPUGNADA, ata que por parte da Consellería de Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria se dea resposta ao acordo plenario do Concello de Cangas de data 2 de outubro de 2015 de solicitude de desafectación das vivendas dos CEIP de Cangas e CEIP de Espiñeira-Aldán, valeiras ou ocupadas de xeito irregular, para uso prioritario de emerxencia social.

PERSOAL

12º.- NOMEAMENTO DE 3 FUNCIONARIAS INTERINAS PARA O SERVIZO DE "AULA DE ESTIMULACIÓN DE NENOS/NENAS"

Dáse conta de Resolución da Alcaldía do día 24.10.2016, referente ao nomeamento de 3 funcionarias interinas para o servizo de "AULA DE ESTIMULACIÓN DE NENOS/NENAS", que é como segue:

"Ref. : PS-16/09

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista da proposta do tribunal de selección de un/unha pedagogo/pedagoga ou psicopedagogo/psicopedagoga, de un/unha fisioterapeuta e de un/unha mestre/mestra especialista en audición e linguaxe, pedagogía terapéutica ou educación especial para o servizo "AULA DE ESTIMULACIÓN DE NENOS/NENAS" para o curso 2016/2017, de conformidade co establecido nas bases (aprobadas por acordo de da Xunta de Goberno Local do Concello de Cangas de data 26.07.2016) que rexeron o proceso de selección de un/unha pedagogo/pedagoga ou psicopedagogo/psicopedagoga, de un/unha fisioterapeuta e de un/unha mestre/mestra especialista en audición e linguaxe, pedagogía terapéutica ou educación especial en réxime de funcionario interino coas características que se describen nas bases da convocatoria.

Recibida a documentación acreditativa, de conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime local; o artigo 136 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local, aprobado



Concello de Cangas

polo Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e con relación ao artigo 61 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Tomando en consideración a proposta formulada proceder ao nomeamento nos termos indicados de:

-C.M.F.M., (para a praza de pedagogo / pedagoga psicopedagogo / psicopedagoga).

- J.M.F., (para a praza de mestre/mestra).

- L.F.F. (para a praza de fisioterapeuta).

SEGUNDO.- Aprobar, de acordo coas bases e proposta achegada, os listados de substitución seguintes:

PRAZA: PEDAGOGO/PEDAGOGA / PSICOPEDAGOGO/PSICOPEDAGOGA

<i>APELIDOS</i>	<i>NOME</i>
<i>L.G.</i>	<i>A.</i>
<i>M.G.</i>	<i>P.</i>
<i>B.A.</i>	<i>L.</i>
<i>B.P.</i>	<i>S.M.</i>
<i>A.D.</i>	<i>C.</i>
<i>S.F.</i>	<i>P.</i>
<i>R.V.</i>	<i>N.</i>

PRAZA: MESTRE/MESTRA

<i>APELIDOS</i>	<i>NOME</i>
<i>V.M.</i>	<i>T.</i>

PRAZA: FISIOTERAPEUTA

<i>APELIDOS</i>	<i>NOME</i>
<i>G.L.</i>	<i>S.</i>
<i>O.M.</i>	<i>S.</i>
<i>J.F.</i>	<i>A.</i>

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao persoal nomeado, comunicándolles que deberán tomar posesión e incorporarse no prazo de un



Concello de Cangas

mes a partir da publicación do nomeamento, de conformidade co artigo 60.e) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, xunto cos recursos procedentes.

CUARTO.- Dar traslado da presente resolución aos departamentos de Persoal, nóminas, Intervención e Xunta de Persoal”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a Resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao nomeamento de 3 funcionarias interinas para o servizo de “AULA DE ESTIMULACIÓN DE NENOS/NENAS”.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 Rd 2568/1986, de 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA S/CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A OBRA DE “ACONDICIONAMENTO PARA UNHA IMAXE COMÚN DO MERCADO”

Dáse conta de escrito da Consellería de Economía e Industria de data 18.10.2016 (R.E. nº 14.620 do 26.10.2016) no que se comunica ao Concello de Cangas da concesión ao abeiro da Orde do 15.06.2016, de subvención para a obra de “ACONDICIONAMENTO PARA UNHA IMAXE COMÚN DO MERCADO”, por un importe total de trinta e tres mil catrocentos setenta e oito euros con setenta céntimos (33.478,70 €).

Indican así mesmo, a obriga establecida no artigo 1.4.1 a) con respecto á realización das actuacións de mentoring comercial, que se deberá xustificar xunto co proxecto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda quedar informada do escrito remitido pola Consellería de Economía e Industria, así como aceptar a concesión da subvención concedida para a obra de “ACONDICIONAMENTO PARA UNHA IMAXE COMÚN DO MERCADO”.



Concello de Cangas

B) DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA S/CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A OBRA DE "SERVIZOS PARA OS CLIENTES E ESPAZOS MULTIFUNCIONAIS"

Dáse conta de escrito da Consellería de Economía e Industria de data 18.10.2016 (R.E. nº 14.619 do 26.10.2016) no que se comunica ao Concello de Cangas da concesión ao abeiro da Orde do 15.06.2016, de subvención para a obra de "SERVIZOS PARA OS CLIENTES E ESPAZOS MULTIFUNCIONAIS", por un importe total de dezasete mil cincocentos corenta e tres euros con quince céntimos (17.543,15 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda quedar informada do escrito remitido pola Consellería de Economía e Industria, así como aceptar a concesión da subvención concedida para a obra de "SERVIZOS PARA OS CLIENTES E ESPAZOS MULTIFUNCIONAIS".

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente